



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PADRÓN

Reapertura de convocatoria pública de subvencións á rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do casco urbano histórico de Padrón (ARRU) e aprobación das súas bases reguladoras (3ª convocatoria)

ANUNCIO

REAPERTURA DE CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIÓNS Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA AREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CASCO URBANO HISTÓRICO DE PADRÓN (ARRU) E APROBACIÓN DAS SÚAS BASES REGULADORAS (3ª CONVOCATORIA).

Por Decreto do alcalde nº 185/2025, do mércores 05 de Marzo de 2025, acordou aprobar a reapertura da convocatoria pública para a concesión de subvencións á rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rexeneración e Renovación Urbana do casco urbano histórico de Padrón, con financiamento do programa de rexeneración e renovación urbana e rural, do plan estatal de vivenda, 2018-2021, e as súas bases reguladoras, e ordear a publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) das ditas bases reguladoras abrindo o prazo de presentación de solicitudes, que será de quince (15) días naturais dende o día seguinte á publicación destas bases no BOP. En cumprimento deste acordo, procedese a publicación do texto integro de ditas bases.

«BASES REGULADORAS APLICABLES Á CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS Á REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS NA AREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CASCO URBANO HISTÓRICO DE PADRÓN CON FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL DO PLAN ESTATAL DE VIVENDA 2018-2021. (3ª CONVOCATORIA)

AREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CASCO URBANO HISTÓRICO DE PADRÓN

En desenvolvemento do acordo da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2018, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Urbano Histórico de Padrón (A Coruña). Comunidade Autónoma de Galicia. Plan Estatal de Vivenda 2018 – 2021, anualidade 2018. E en relación ao papel xestor do Concello de Padrón para a execución do Plan e o seu compromiso na elaboración dunha convocatoria para a concesión das subvencións previstas neste acordo.

ÍNDICE

Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

- 1.1. Obxecto das bases reguladoras e réxime das subvencións.
- 1.2. Ámbitos de aplicación.
- 1.3. Beneficiarios/as.
- 1.4. Requisitos.
- 1.5. Obrigas dos beneficiarios.
- 1.6. Actuacións subvencionables.
- 1.7. Contía das axudas e orzamento protexible.
- 1.8. Criterios de avaliación.

Base 2ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN.

- 2.1. Entidade xestora.
- 2.2. Comisión de valoración.
- 2.3. Procedemento.
 - 2.3.1. Cualificación Provisional.
 - 2.3.2 Execución das obras
 - 2.3.3. Cualificación Definitiva.
 - 2.3.4. Concesión das axudas e tramitación do pagamento.

Base 3ª. SOLICITUDE, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

- 3.1. Solicitud oficial.
- 3.2. Documentación.
 - 3.2.1. Documentación inicial.
 - 3.2.2. Documentación durante a execución da Obra
 - 3.2.3. Documentación final obra.
 - 3.2.4. Documentación para o aboamento da subvención
- 3.3. Prazo de presentación
- 3.4. Información aos interesados.

Base 4ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES**Base 5ª. PUBLICIDADE.**

- 5.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.
- 5.2. Consentimento e autorizacións.
- 5.3. Publicidade das subvencións concedidas.

Base 6ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**Base 7ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

- 7.1. Perda do dereito ao cobro.
- 7.2. Modificación da resolución.
- 7.3. Renuncia.
- 7.4. Nulidade, reintegro, infraccións e sancións.
- 7.5. Recursos administrativos.

Base 8ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN.**Base 9ª. DISPOSICIÓN ADICIONAL.****Base 10ª. DISPOSICIÓN FINAL.****Anexo I. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO.****Anexo II. IMPRESO SOLICITUDE OFICIAL.**

Base 1ª. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1. Obxecto das bases reguladoras e réxime das subvencións.

O obxecto destas bases, de acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007 do 13 de xuño de Subvencións de Galicia (LSG), é fixar os criterios para a concesión das subvencións previstas para o programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do *Real Decreto 106/2018 de 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021* e na *Resolución do 3 de agosto de 2018*, do Instituto Galego de Vivenda e solo onde se establecen as bases reguladoras do programa. A execución destas axudas recóllense no convenio asinado entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia e o Concello de Padrón dentro dos seus ámbitos de aplicación.

Estas subvencións están destinadas a cubrir parte dos gastos da execución das obras ou traballos de mantemento e intervención en edificios e vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, a fin de adecualos á normativa vixente.

As subvencións concederanse polo procedemento de concorrencia competitiva a través de convocatoria pública, seguindo a orde de prelación que resulte da valoración prevista nestas bases, até esgotar o número de actuacións e/ou o crédito dispoñible previsto no respectivo convenio asinado.

En caso de non esgotar o número de actuacións e o crédito dispoñible previsto nesta convocatoria, poderá volver a abrirse un novo prazo de presentación de solicitudes, previa proposta motivada da oficina de rehabilitación e acordo da comisión avaliadora, contando coa necesaria publicidade establecida na Base 5.1 das presentes bases reguladoras.

A concesión destas axudas estará, en todo caso condicionada, á existencia de crédito orzamentario, ás resolucións ditadas polos responsables do Ministerio de Fomento e/ou da Xunta de Galicia para a aplicación do Programa de rexeneración e renovación urbanas en Galicia e á aceptación da documentación xustificativa por parte do Concello de Padrón.

1.2. Ámbitos de aplicación

Poderanse solicitar axudas á rehabilitación para os edificios de uso residencial e as vivendas incluídos na ARRU declarada no Concello de Padrón. As súas delimitacións aparecen reflectidas no Anexo I destas bases.

1.3. Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios das axudas para a rehabilitación de vivendas, edificios e elementos comúns os propietarios, arrendatarios ou titulares dalgún dereito de uso sobre as vivendas cando estas constitúan o seu domicilio habitual ou permanente (os propietarios únicos de edificios de vivendas, os propietarios de vivendas, as comunidades de propietarios de edificios de vivendas en réxime de propiedade horizontal, as agrupacións de comunidades de propietarios, os consorcios e entes asociativos de xestión e as persoas físicas ou xurídicas que posúan un dereito real sobre o inmovible que lles permita acometer as actuacións de rehabilitación, ou os inquilinos autorizados polo propietario). No caso dos arrendatarios será requisito imprescindible para adquirir a condición de beneficiarios que teñan a autorización escrita da propiedade para a execución das obras na devandita vivenda ou edificio que ocupan como arrendatarios. Tamén poderán solicitar as axudas os titulares de vivendas desocupadas sempre que a solicitude leve aparellado o compromiso de ocupalas ou transmitilas a terceiras persoas en arrendamento ou en calquera outro título legalmente admisible sempre que constitúa a residencia habitual do arrendatario.

Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo asumido por cada unha delas. Cando se trate de comunidades de propietarios esta regra resulta igualmente de aplicación, con independencia de que tanto o seu importe como o custo das obras deba repercutirse nas persoas propietarias e, se é o caso, nos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal. Non obstante, cando algún dos membros da comunidade ou agrupación de comunidades de propietarios incorra en causas de prohibición establecida na lexislación sobre subvencións (Lei 38/2003, do 17 de novembro) ou nestas mesmas bases, non se atribuirá a dito propietario a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se rateará entre os restantes membros da comunidade ou agrupación.

Tamén será beneficiario das axudas o Concello de Padrón que asume a responsabilidade da execución integral da ARI delimitada pola actuación, para os gastos de mantemento dos equipos técnicos e da oficina de rehabilitación.

Non poderán ter a condición de beneficiario as persoas ou entidades beneficiarias aquelas en que conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou a quen se lle revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou á entidade solicitante.

Non poderán ser beneficiarios aqueles que obtiveran axudas financeiras ou préstamos convidados, para as mesmas actuacións, ao amparo de plans estatais ou autonómicos de vivenda anteriores.

As persoas interesadas, ao formalizaren unha solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento das condicións destas bases de convocatoria así como aos demais requisitos que se establezan na normativa reguladora.

1.4. Requisitos.

Para ser beneficiarios da subvención, o inmueble estará dentro dos ámbitos acordados nas presentes bases e terá un uso predominantemente residencial. Deberá cumprir os seguintes requisitos específicos:

- As obras contarán co preceptivo título habilitante de obras (licenza municipal, comunicación previa de obras...), na que se faga constar a descrición de todas as obras a executar.
- A edificación ou vivenda deberá ter uso residencial unha vez rematadas as actuacións.
- As obras que teñan por obxecto actuacións en elementos comúns do edificio, deberán garantir as debidas condicións de coherencia técnica e construtiva co estado de conservación do edificio e das instalacións.
- Para os efectos de obter as axudas, será necesario que previamente se xustifique polos interesados que non se atopan incursos nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante testemuño xudicial, certificación administrativa ou declaración responsable. Esta documentación terá que ser presentada de novo, previamente ao pago da axuda no caso de non manter a súa vixencia.

Os edificios e vivendas deberán ser visitados polo técnico da Oficina de Rehabilitación e non se poderán subvencionar partidas de obra iniciadas con anterioridade á publicación das presentes bases.

1.5. Obrigas dos beneficiarios.

- a) Executar as actuacións que fundamenten a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización das actuacións e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención. Deberase comunicar calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda; esta comunicación realizarase ao Concello de Padrón ata efectivarse o pagamento da Subvención, posteriormente a esta data as comunicacións realizaranse ao IGVS.
- c) Estar en disposición dos títulos habilitantes esixibles para o desenvolvemento dos traballos obxecto da axuda (comunicación previa, licenza...), así como cumprir cos requisitos establecidos nas normativas de aplicación.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación que serán efectuadas pola entidade xestora, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- e) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamenten a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f) Dispoñer dos documentos nos termos esixidos pola lexislación sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso.
- g) Os beneficiarios deberán estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), no momento de ser seleccionados e no momento do pagamento das axudas.
- h) Non ter débedas co Concello de Padrón no momento de ser seleccionados e no momento do pagamento das axudas.
- i) Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- j) Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento nas actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3º da LSG.
- k) No caso de que o beneficiario sexa unha comunidade de propietarios, non disolver a dita comunidade até ter transcorrido o prazo de prescrición establecido nos artigos 35 e 63 da LSG.
- l) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da da LSG.

1.6. Actuacións subvencionables

Para a presente convocatoria, e de conformidade co artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables as seguintes:

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas.

2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, para o fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.

3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.

4. A execución das seguintes obras de mellora da calidade e sustentabilidade e as de mellora da eficiencia ambiental nas seguintes materias:

- a) En materia de auga, as de redución do uso de auga potable, as augas pluviais e residuais, e as de xestión de depuración e o seu retorno adecuado ao medio.
- b) En materia de enerxía, as de mellora da eficiencia enerxética en edificación, as de implantación de enerxías renovables e sistemas de climatización centralizada ou de distrito, considerados eficientes segundo a Directiva 2012/27/UE, as de fomento da mobilidade sustentable e, en xeral, todas aquelas destinadas a reducir a demanda enerxética, as emisións de gases contaminantes e a aumentar o uso de enerxías renovables.
- c) En materia de xestión de residuos e uso de materiais, as de mellora da reciclaxe dos materiais, conforme os plans nacionais ou autonómicos de recollida de residuos, as de uso, tanto de materiais reciclados ou renovables en edificacións e en urbanizacións como de materiais locais, ligados a estratexias de promoción dunha xestión sustentable do territorio.
- d) En materia de protección e mellora da biodiversidade, de promoción de cubertas verdes ou de implantación de especies adecuadas ao medio.

5. Así mesmo, serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos e dirección de obras, dos equipos e oficinas de planeamento, de información (portelo único), de xestión e de acompañamento social de actuacións subvencionables.

6. As actuacións non terán orden de preferencia, podéndose levar a cabo:

- Rehabilitación de vivendas unifamiliares e actuacións de conservación, restauración, rehabilitación, remodelación, reestruturación, que comporten o acondicionamento estrutural e funcional das devanditas vivendas.

- Rehabilitación de edificios, entendendo por isto ás actuacións de consolidación, conservación, restauración, rehabilitación ou reforma e reestruturación en edificios con uso residencial para recuperar ou acadar unha adecuación estrutural e funcional en ditos edificios. Dentro deste tipo de actuacións distinguiranse aquelas que supoñan un baleirado interior das que non é preciso o seu baleirado para levar a cabo a actuación.

- Actuacións nos elementos comúns das edificacións e de mellora e conservación dos elementos que demandasen os valores histórico-artísticos, arquitectónicos e/ou ambientais.

Dentro destas actuacións entenderanse incluídas:

- A instalación de ascensores.
- As instalacións para a detección e prevención de incendios e habilitación de vías de evacuación.
- A supresión de antenas individuais e instalación de antenas colectivas.
- A supresión de elementos disonantes na contorna urbana e obras tendentes a mellorar o ornato público.
- A adecuación de accesos e circulacións para a eliminación das barreiras arquitectónicas.
- As actuacións destinadas a mellorar a eficiencia ambiental, en materia de auga, enerxía, uso de materiais, xestión de residuos e protección da biodiversidade.
- Outras obras que impliquen adaptar os edificios, vivendas ou instalacións aos novos estándares establecidos pola nova normativa de aplicación, aínda nos casos nos que a normativa non obrigue a levarlos a cabo.

8.- Non se subvencionarán os impostos, taxas e tributos, os gastos e custos financeiros como consecuencia do investimento e aqueles conceptos das facturas que non se poidan facer corresponder, dun xeito inequívoco, cos considerados subvencionables.

1.7. Contía das axudas e orzamento protexible.

1.- O gasto que supón as axudas imputarase e financiarase con cargo aos compromisos de achega do Ministerio de Fomento e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que se reflicten no acordo da comisión bilateral

celebrada o 26/10/2018, relativa á “Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Urbano Histórico de Padrón, (A Coruña)”, na Comunidade Autónoma de Galicia. “Plan Estatal de Vivenda 2018-2021”. Anualidade 2018. Quedando por tanto, condicionada a concesión de axudas á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución da concesión. As axudas económicas do acordo da Comisión Bilateral, establecían unha contía de axudas de 134.093,23 €, que se imputaban consonte ao seguinte cadro:

MINISTERIO DE FOMENTO	COMUNIDADE AUTÓNOMA
98.280,00 €	35.813,23 €

Na Disposición Adicional das presentes bases recollese importe total resultante para as subvención aos particulares dispoñible na presente convocatoria.

2.- A distribución farase conforme ao establecido no artigo 52 do Real Decreto 106/2018 do 9 de marzo e no artigo 17 da Resolución do 3 de agosto de 2018, isto establecece de carácter xeral do seguinte xeito:

2.1.- Subvención Estatal:

Establecese unha subvención do 40% do custo subvencionable da actuación, agás para o realoxamento das familias e financiamento dos equipos técnicos de xestión. Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75%, se os ingresos da unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio son inferiores a tres veces o IPREM. Esta mesma porcentaxe aplicarase cando se cometan actuacións para a mellora de accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda ou edificio, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos. A contía máxima, por parte do Ministerio, determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas polas axudas unitarias establecidas no artigo 17 da resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021.

2.2.- Subvención Autonómica:

Con cargo aos orzamentos autonómicos ata 4.000 euros por vivenda obxecto de rehabilitación, sen que a subvención poida exceder o 10% do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou edificio. As contías máximas recóllense no artigo 18 da resolución do 3 de agosto de 2018 pola que se regula o procedemento para a participación no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021.

3.- O orzamento protexible da actuación, unha vez revisado polo técnico da Oficina de Rehabilitación segundo a Base de prezos da Xunta de Galicia, constitúe o custo total de todas as actuacións que se subvencionen e non poderá superar os custos medios de mercado que a tales actuacións correspondan. Os prezos da base de datos poderán ser interpretados e axustados polo técnico da Oficina de Rehabilitación, de xeito motivado, en determinados casos xustificadas polo tipo de actuación.

O orzamento presentado incluírá os custos desagregados segundo os tipos de actuacións subvencionables establecidas no apartado 1.6 destas bases. Só se considerarán actuacións protexibles aquelas que contén cun orzamento de obra subvencionable mínimo que ascenda á cantidade de 1.200 euros por vivenda, incluído o IVE.

4.- As axudas previstas nesta convocatoria, terán o carácter de subvención a fondo perdido. Serán outorgadas polo procedemento de concorrencia competitiva e poderán acollerse a elas calquera das actuacións contempladas no apartado 1.6 destas bases reguladoras.

1.8. Criterios de avaliación.

A concesión das axudas graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

— Estar en disposición dos títulos habilitantes esixibles para o desenvolvemento dos traballos obxecto da axuda (comunicación previa, licenza...) con data previa á xuntanza da comisión avaliadora, 20 puntos.

— Nivel de protección do edificio segundo o catálogo de Plan Xeral máximo 30 puntos:

Edificación catalogación integral e estrutural (graos 9 e 8): 30 puntos

Edificación catalogación elemental e tipolóxica (graos 7 e 6): 20 puntos

Edificación catalogación ambiental ou restantes (grao 5, 4 ...): 10 puntos

— Tipo de actuación que se vai realizar, até un máximo de 60 puntos:

Obras de recuperación de vivendas unifamiliares ou edificios de vivendas en estado de ruína ou o equivalente a moi mal estado de conservación (incluso no interior das vivendas, elementos comúns, instalacións fixas e equipamentos propios), co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente: 20 puntos.

Obras de mantemento e intervención en vivendas unifamiliares ou edificios de vivendas (incluso no interior das vivendas, elementos comúns, instalacións fixas e equipamentos propios), co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente: 10 puntos.

Obras de accesibilidade: 20 puntos.

Obras de mellora da eficiencia enerxética, 10 puntos por cada letra que se mellore na cualificación enerxética (con un máximo de 20 puntos).

— Características do inmovible, máximo 30 puntos:

Edificación que conte con menos de oito vivendas, 20 puntos.

Vivenda unifamiliar, 30 puntos.

— Criterio social: Considérase esta condición a das unidades familiares con Renda das Persoas Físicas inferiores a 1.2 veces o IPREM calculado polo Artigo 6.2b do RD 233/2013, as persoas separadas ou divorciadas ás que non se lles adxudicou unha vivenda familiar, así como as mulleres vítimas da violencia de xénero, as vítimas do terrorismo, as persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecidas e as familias que as teñan ao seu cargo: 20 puntos

No caso de empate terá preferencia a data de entrada anterior no Rexistro Municipal do Concello de Padrón.

Unha vez obtidas as puntuacións e realizada a selección, pode resultar necesario o axuste das intervencións para obter un máximo aproveitamento das contías de subvención concedidas.

Base 2ª. COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

2.1. Entidade xestora.

Posto que o Concello de Padrón ten o recoñecemento como entidade xestora da Programa de fomento da Rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de vivenda 2018-2021 a través da súa Oficina Municipal de Rehabilitación, ten a competencia para a formulación das presentes bases de convocatoria, tramitación e a proposta ao organismo autonómico IGVS para as cualificacións correspondentes.

A instrución do procedemento corresponderá á Oficina de Rehabilitación que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que deberá formularse a proposta de resolución.

Previamente a presentación da solicitude poderá solicitarse unha visita de inspección por parte do técnico da Oficina de Rehabilitación previa á solicitude oficial das axudas para comprobar o estado da edificación e asesorar ao particular sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación dos inmovibles.

Presentada a documentación que se solicita na base 3ª, o técnico da oficina de Rehabilitación realizará unha visita de inspección ao edificio ou vivenda para comprobar o estado da edificación, elaborando un informe sobre a adaptación da solicitude aos requisitos técnicos previstos no Plan Estatal e previamente á proposta de resolución da comisión de valoración. No caso de que o edificio xa a teña feita con anterioridade non sería necesario repetila, salvo que a Oficina o considere oportuno.

En todo o caso os integrantes da oficina asesorarán aos solicitantes sobre cuestións técnicas e administrativas relacionadas con esta convocatoria.

2.2. Comisión de valoración.

A Comisión de valoración será a encargada de propor a resolución do expediente, contendo a proposta dos beneficiarios finalistas á Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón que teña competencia para autorizar o correspondente gasto.

Esta Comisión de valoración estará integrada polo Alcalde-Presidente do Concello, pola Aseor xurídico en materia de Urbanismo, polo interventor, e o persoal da Oficina de Rehabilitación do Concello de Padrón, que actuará como relator da Comisión. Os titulares poderán delegar noutra persoa ou persoas a condición de membro da Comisión.

2.3. Procedemento.

Tras examinar as solicitudes presentadas en prazo, o técnico da Oficina de Rehabilitación emitirá informe do cumprimento das esixencias impostas para adquirir a condición de beneficiario/s da subvención, e realizará unha proposta que se elevará á Comisión de valoración a fin de que emita a proposta ao órgano competente para a súa aprobación.

Logo desta aprobación, elaborárase unha proposta de cualificación provisional que se remitirá á Área Provincial do IGVS de A Coruña, segundo a situación das vivendas ou edificios que se van rehabilitar.

No caso de que houbese un maior número de solicitudes que de actuacións previstas que non permitira o correcto reparto dos fondos dispoñibles entre os beneficiarios finalistas para o Área de Rehabilitación e sempre que cumpran con

todas as condicións incluídas nestas bases, procederá a realizar unha relación de ditas solicitudes seguindo os criterios de avaliación da base 1.8). Os solicitantes que queden fora da convocatoria, entrarán a formar parte dunha listaxe de espera, para poder ser incluídos no caso de renuncia ou anulación dos provisionalmente aceptados.

2.3.1 Cualificación Provisional.

A proposta de cualificación provisional conterà: a identificación da persoa beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento protexible, o prazo de execución e a subvención máxima que se concederá, e irá acompañada dunha certificación municipal do cumprimento dos requisitos do Plan Estatal de vivenda 2018-2021, referida tanto ás actuacións, aos edificios e vivendas como ás persoas beneficiarias.

As xefaturas territoriais da Consellería de infraestructuras e Vivenda, logo das comprobacións que consideren oportunas, poderán cualificar provisionalmente as actuacións, e remitirán aos servizos centrais do IGVS un resumo das cualificacións provisionais outorgadas, tendo en conta os acordos específicos asinados no seo da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan Estatal de vivenda 2018-2021.

A cualificación provisional é requisito necesario para acadar o financiamento previsto no acordo específico.

Será causa de denegación das cualificacións provisionais, o non axuste ás determinacións do Real Decreto 106/2018 de 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021.

A Dirección Xeral do IGVS procederá a comunicar ao Ministerio de Fomento a relación de cualificacións provisionais que resulten con financiamento para cada acordo específico.

A competencia para resolver as cualificacións provisionais e definitivas corresponde á persoa titular da Xefatura Territorial da Conselleía de Infraestructuras e vivenda de A Coruña.

O IGVS remitirá ao Concello de Padrón as Cualificacións Outorgadas e o Concello de Padrón, por súa vez, enviará aos solicitantes as ditas Cualificacións.

As solicitudes que non cumpran os requisitos serán incluídas nunha proposta denegatoria das axudas e serán tamén comunicadas ao solicitante.

2.3.2 Execución das obras

O solicitante promotor das obras daralle conta á Oficina Municipal de Rehabilitación da data do comezo das obras.

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, é deberán estar rematadas antes do 13 de Xuño do 2025.

As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou documentación que serviu de base para a concesión inicial das axudas, e non se admitirán máis modificacións na súa execución que as autorizadas por proposta da Dirección Facultativa, pola Oficina de Rehabilitación e, en todo caso, deberán estar autorizadas pola correspondente licenza ou comunicación previa / declaración responsable, orde de execución e autorizacións sectoriais para a execución das obras.

A Oficina Municipal de Rehabilitación poderá en todo caso supervisar as obras co obxecto de comprobar o correcto cumprimento das condicións a que estean sometidas en virtude das axudas concedidas. Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar ó cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados, e ata o cobro total de axudas solicitadas.

2.3.3 Cualificación Definitiva.

Ao remate das obras, e para poder continuar co procedemento, será necesario obter a Cualificación definitiva das actuacións.

Os promotores das actuacións comunicarán o seu remate de acordo co previsto na cualificación provisional, e presentarán no Rexistro Municipal do Concello de Padrón a documentación prevista na Base 3.2.3

Recibida a documentación xustificativa a Oficina de Rehabilitación realizará unha visita ao inmovible e as comprobacións que estime oportunas, e tramitará o expediente para a obtención da cualificación definitiva no departamento territorial como órgano competente da Consellería.

O persoal da Oficina de Rehabilitación do Concello de Padrón procederá a realizar as seguintes comprobacións:

- Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e de acordo coa cualificación provisional.
- Que para a súa execución se contou con todas as autorizacións necesarias.

— As facturas e documentos bancarios de pagamento das anteditas actuacións e que están pagadas pola persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional.

Procederáse á minoración do importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión, sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

Aprobada a axuda polo órgano competente municipal, a Oficina de Rehabilitación elaborará unha proposta de cualificación definitiva que se remitirá á Área provincial do IGVS que cualificará definitivamente a actuación. A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas.

Será causa da denegación da cualificación definitiva, a non execución das actuacións ou a súa execución fóra de prazo, así como o incumprimento por parte do/a promotor/a de calquera requisito dos previstos no Real Decreto 106/2018 de 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021 e na Resolución do 3 de agosto de 2018, do Instituto Galego de Vivenda e solo onde se establecen as bases reguladores do programa, para obter a condición de persoa beneficiaria ou dos contidos .

A Área provincial do IGVS remitirá á Dirección Xeral do IGVS unha relación das cualificacións definitivas outorgadas para cada ARRU, logo das verificacións que consideren oportunas.

A Dirección Xeral do IGVS procederá á comunicación ao Ministerio de Fomento das xustificacións das actuacións referidas.

As cualificacións definitivas outorgadas serán remitidas polo IGVS ao Concello de Padrón, que como órgano xestor notificará aos solicitantes o dito outorgamento.

2.3.4 Tramitación do pagamento.

Antes de proceder ao pagamento da subvención, os solicitantes deberán presentar no Rexistro Municipal do Concello de Padrón a documentación prevista na base 3.2.4.

Poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento das actuacións subvencionadas, tanto o Concello de Padrón como o IGVS ou o Ministerio de Fomento.

As achegas estarán supeditadas ao efectivo financiamento por parte do Ministerio de Fomento e da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co estipulado no convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento, Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Padrón.

Base 3ª SOLICITUDE, DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN

3.1. Solicitud oficial.

As solicitudes deberán presentarse necesariamente segundo o modelo normalizado que se inclúe como ANEXO II, no Rexistro Municipal do Concello de Padrón ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.2. Documentación

1.—Toda a documentación deberá presentarse debidamente cuberta, con data, número de identificación do solicitante ou representante, número de expediente se é o caso, e debidamente asinada.

2.—Cando a documentación achegada sexa incompleta ou defectuosa requirirase ao solicitante para que nun prazo improrrogable de dez días hábiles emende o erro ou achegue a documentación preceptiva, con indicación de que, se así non o fixese, terase por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos previstos no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3.—En todo caso, o Concello de Padrón como entidade xestora das subvencións, poderá requirirlle ao solicitante, en calquera momento do procedemento, documentación complementaria se a considera necesaria para a xustificación do cumprimento dos requisitos do Plan 2018-2021.

4.—Os solicitantes seleccionados terán a obriga de informar á Oficina de Rehabilitación de calquera circunstancia que puidese supor unha modificación das condicións tidas en conta para a selección e a posterior cualificación da actuación, e que puidesen dar lugar á modificación da resolución.

3.2.1 Documentación Inicial.

Xunto coa solicitude oficial, deberá acompañar a seguinte documentación:

a) Relativa ao solicitante:

- Fotocopia do DNI do solicitante e representante (de ser o caso) formalmente nomeado.
- Acreditación da titularidade do edificio ou vivenda.

- Declaración xurada de todas as subvencións solicitadas ou concedidas para as actuacións subvencionables por estas bases para a mesma actuación.
- Declaración xurada de non encontrarse en ningún dos supostos de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de subvencións ou axudas públicas.
- Certificacións de cada persoa propietaria de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e certificado municipal de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias coa administración local.
- No caso de que o solicitante sexa unha comunidade de propietarios, entidade sen personalidade xurídica ou persoa xurídica, pública ou privada, achegarase ademais:
 - NIF da comunidade de propietarios en vigor .
 - Documentación acreditativa da súa constitución.
 - Documento acreditativo da representación con que se actúa.
 - Xustificación da titularidade do edificio.
 - Acordo da comunidade de propietarios que autorice a execución das obras e a solicitude da subvención, ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.
 - Relación de persoas propietarias do edificio, identificando NIF de cada unha, e a referencia catastral de cada vivenda e local.
 - Certificacións de cada persoa propietaria de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, certificado municipal de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias coa administración local, e de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da LSG.
 - A que resulte necesaria de acordo cos requisitos previstos no Real Decreto 106/2018 de 9 de marzo, e os demais datos informativos que esixe o Ministerio de Fomento ou o IGVS no protocolo de información normalizado.

b) Relativa ao inmovible e as obras.

- Se a obra a realizar en vivenda e de mellora da eficiencia enerxética, certificado de eficiencia enerxética de vivenda que acredite as reducións de emisións de CO2 e a letra resultante de realizarse a obra.
- Proxecto ou memoria técnica no que se describan as obras que se van executar, a súa valoración, coa desagregación das partidas, segundo o disposto nos artigos 36, 43 e 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo. O proxecto ou memoria técnica deberá conter os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar.
- Orzamento das obras clasificado en capítulos segundo o disposto nos artigos 36, 43 e 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros será necesario achegar 3 orzamentos, e en caso de non se optar pola oferta mais vantaxosa, memoria xustificativa da diferente elección, coma establece o artigo 29 da LSG e o 42 do D11/2009 do regulamento da lei de subvencións.
- Títulos habilitantes para a execución das obras (comunicación previa, solicitude de licenza, licenza ou outras autorizacións).
- Outros documentos que se e o caso, o Concello considere necesarios e foran requiridos ao beneficiario para ditar resolución.

3.2.2 Documentación durante a execución da Obra.

Tras a obtención da Cualificación provisional para a actuación, o solicitante deberá presentar no Rexistro Municipal do Concello de Padrón a seguinte documentación precisa para o seguemento da obra:

- Comunicación de inicio das obras.

O solicitante deberá comunicar á oficina de rehabilitación calquera eventualidade que poida supor unha modificación das condicións tidas en conta para a cualificación da actuación, así como as eventualidades que puidesen afectar ao prazo de execución da obra.

3.2.3 Documentación final de Obra.

Unha vez se rematen as obras, e previo á obtención da Cualificación definitiva para a actuación, o solicitante deberá presentar no Rexistro Municipal do Concello de Padrón a documentación sinalada nos seguintes epígrafes, en orixinal ou

copia compulsada, non sendo necesario esgotar o prazo máximo; tendo para isto o prazo máximo do día 13 do mes de Xuño de 2025.

a) Comunicación final das obras.

Declaración expresa por parte do beneficiario de que o proxecto foi executado conforme o indicado na solicitude ou polo técnico director das obras (en caso de obras maiores) a través da certificación final das obras. Deberá indicarse que as actuacións foron executadas en prazo, que para a súa execución se conta con todas as autorizacións necesarias e que se executou dacordo co previsto na cualificación provisional. De existir modificacións no proxecto, achegarase un informe técnico ou documento cos datos e incidencias máis significativas ocorridas durante a execución. Neste caso, previo ao momento da realización de modificacións sobre o contido no proxecto, deberanse comunicar á Oficina de Rehabilitación os cambios desexados e dispor dos títulos habilitantes necesarios.

b) Facturas orixinais pola totalidade das obras realizadas subvencionables e xustificantes de pagamento.

O solicitante achegará a seguinte documentación xustificativa do gasto:

- Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade (actuación), con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento, indicando, se é o caso, as desviacións acaecidas sobre o orzamento subvencionado.

- As facturas, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior, emitidas polos provedores en relación coa actuación subvencionada. As facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome da persoa beneficiaria que figure na calificación provisional, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo NIF do pagador titular da calificación provisional e forma de pago. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.

- No caso de endoso "Considérase efectivamente pagado os gastos, para os efectos da súa consideración coma subvencionable, coa cesión do dereito de cobro da subvención a favor dos acredores por razón dos gastos realizados..." (artigo 83.1 de Ley 38/2003 de 17 de novembro, General de Subvenciones).

O solicitante achegará a seguinte documentación xustificativa do pagamento:

- Para cada un dos documentos xustificativos de gasto: transferencias bancarias, certificacións bancarias ou extractos bancarios, nos cales deberán estar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento.

- Non se admitirán como xustificantes os documentos acreditativos de pagamentos en metálico nin os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade.

c) Certificación de fin de obra expedida polo técnico responsable, no caso de que fose preceptivo.

d) Podería ser necesario achegar outra documentación administrativa e técnica final, como: Licenza de Primeira Ocupación, Boletíns de instalacións, certificado técnico de modificación das condicións do Informe de Avaliación de Edificios, ou certificación enerxética do edificio no que se reflicte a mellora da cualificación enerxética total do edificio.

f) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para as mesmas actuacións subvencionadas, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

g) No caso de solicitude de endoso deberá achegarse a maiores:

- Documento de aceptación de endoso asinado polo representante da empresa construtora.

- No caso de Comunidades de Propietarios acordo da comunidade de propietarios desta solicitude, no que figuren os datos da persoa ou empresa a favor da cal se solicita o endoso.

h) Certificación bancaria con número conta bancaria a nome do/s beneficiario/s da subvención.

Os órganos competentes do Concello de Padrón, do IGVS e do Ministerio de Fomento, poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. No caso de que non fosen remitidos polo beneficiario dentro do prazo que se sinala, poderá entenderse que renuncia á subvención.

3.2.4 Documentación para o aboamento da subvención

1. Para proceder ao aboamento da subvención, tras a obtención da cualificación definitiva da actuación, o beneficiario deberá presentar no Rexistro Municipal do Concello de Padrón a documentación sinalada nos seguintes epígrafes, en orixinal ou copia compulsada; tendo para isto de prazo máximo indicado a data do día 13 do mes de Xuño de 2025 mais non sendo preciso esgotar este prazo máximo.

a) Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) Certificado de número de conta da empresa construtora no caso de solicitude de endoso excepcional.

2. Transcorrido o prazo establecido de xustificación, sen que o beneficiario presente a documentación solicitada no Rexistro Municipal do Concello de Padrón, a Oficina de Municipal de Rehabilitación do Casco Urbano histórico de Padrón, requirirá o beneficiario para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste punto, non eximirá o beneficiario das sancións que conforme a lei correspondan ou da perda das axudas de non existir tempo suficiente para realizar as tramitacións administrativas correspondentes polo ente xestor, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento.

3.3. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de quince (15) días naturais desde o día seguinte á publicación destas bases de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña.

3.4. Información aos interesados.

Sobre o procedemento de tramitación das axudas de acordo coas presentes bases, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Oficina de Municipal de Rehabilitación do Casco Urbano Histórico de Padrón, situada na Casa do Concello na Rúa Longa nº 27, 2º Andar , cp.-15.900, do Concello de Padrón, ou a través dos seguintes medios:

1. Na páxina web do Concello de Padrón: www.padron.gal
2. Atención persoal de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas
3. Atención telefónica 981 810451, de luns a venres de 9:00 a 14:00 h. Fax 981 881 249391.
4. Consultas por email: oficina.rehabilitacion@padron.gal

Base 4ª. EXCLUSIÓNS E INCOMPATIBILIDADES

1. As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre e cando a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta.

2. Non poderán ser beneficiarias de este programa as persoas beneficiarias das axudas do programa de mellora de eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do programa de fomento do parque de vivenda en alugueiro e do programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

Base 5ª. PUBLICIDADE

5.1. Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.

As bases reguladoras da concesión das axudas para a anualidade 2018 segundo os Convenios asinados entre o Concello de Padrón, a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento para o desenvolvemento do programa de fomento de rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal 2018-2021, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, na páxina web do Concello de Padrón, e no taboleiro de edictos municipal

As bases reguladoras e convocatoria e os seus modelos normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na Oficina de Municipal de Rehabilitación do Casco Urbano Histórico de Padrón, situada na Casa do Concello na Rúa Longa nº 27, 2º Andar , cp.-15.900, do Concello de Padrón e na páxina web municipal www.padron.gal

5.2. Consentimento e autorizacións.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras, o consentimento e autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que pode emitir o Concello de Padrón, así como as autorizacións para que o IGVS poida solicitar as certificacións que deban emitir os organismos correspondentes da Xunta de Galicia ou do Ministerio correspondente.

5.3. Publicidade das subvencións concedidas.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, o Concello de Padrón publicará no taboleiro do Concello e na súa páxina web oficial (www.padron.gal) a relación dos beneficiarios e o importe das subvencións concedidas, polo que a presentación da solicitude de axudas leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis. Por razón da súa contía, os mesmos datos serán publicados no BOP segundo correspondan. Por outra banda, notificaranse de xeito individual os principais trámites de aprobacións.

Base 6ª. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos dos solicitantes ou dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orde á conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria. Os referidos datos serán tratados e protexidos de acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámolle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica.

Base 7ª. PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN.

7.1. Modificación da resolución

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo o caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

En todo o caso, a modificación da resolución de concesión realizarase nos termos da LSG, e do artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

A resolución polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditada pola persoa titular da Dirección Xeral do IGVS.

7.2. Perda do dereito ao cobro:

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a insuficiente xustificación do proxecto, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.

7.3. Renuncia:

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

7.4. Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, comportará, ademais das sancións que poidan corresponder, o reintegro da subvención percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu pagamento máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da LSG, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.

En particular será causa de reintegro a non comunicación ao órgano correspondente de calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda. A comunicación deberá facerse ao Concello de Padrón como entidade xestora se a modificación se produce antes de recibir o aboamento da subvención e posteriormente a ese momento, á Área Provincial do IGVS.

Tamén serán motivo de reintegro os supostos previstos no artigo 33 da LSG.

O procedemento para o reintegro será o establecido no artigo 38 da LSG.

7.5. Recursos administrativos:

Contra as resolucións que diten as xefaturas territoriais da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a persoa titular da Dirección Xeral do IGVS poderase interpor recurso dealzada ante a persoa titular da consellería competente en materia de vivenda, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

Base 8ª. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A concesión destas axudas rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e o D. 11/2009, de 9 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Ademais da lexislación anterior, e en todo o non descrito nas presentes bases, seranlle de aplicación as seguintes disposicións:

- O Real Decreto 106/2018 de 9 de marzo, polo que se regula o Plan estatal de vivenda 2018-2021.

- A Resolución do 3 de agosto de 2018, do Instituto Galego de Vivenda e solo, pola que se regula o procedemento para a participación no programa de fomento da rexeneración urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se abre o prazo para a presentación de solicitudes e se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa.

- O acordo da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2018, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Urbano Histórico de Padrón (A Coruña). Comunidade Autónoma de Galicia. Plan Estatal de Vivenda 2018 – 2021, anualidade 2018.

- O Real Decreto 1084/2020, de 9 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021

- A Addenda para a modificación do Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 26 de Outubro do 2018, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Urbano Histórico de Padrón (A Coruña). Comunidade Autónoma de Galicia. Plan Estatal de Vivenda 2018 – 2021

- Lei 8/2012, do 29 de xuño de vivenda de Galicia.

Base 9ª. DISPOSICIÓN ADICIONAL.

As subvencións aos particulares incluídas nesta convocatoria financianse, de conformidade co acordo da comisión bilateral relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco urbano histórico de Padrón de data 26 de Outubro de 2018 con cargo ás asignacións orzamentarias do presuposto do exercicios 2018-2021, co seguinte desglose por áreas:

Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Urbano Histórico de Padrón	Achega Ministerio de Fomento	Achega da Comunidade autonoma de Galicia
Actuacións de rehabilitación	82,280.00 €	11.813,23 €

A estes fondos dispoñibles no convenio para as subvencións aos particulares, tras o desconto das actuacións xa executadas nas dúas convocatorias anteriores resulta o seguinte cadro economico de financiamento dispoñible para as actuacións de rehabilitación da presente convocatoria:


Área de Rexeneración e Renovación Urbana do Casco Urbano Histórico de Padrón	Achega Ministerio de Fomento	Achega da Comunidade autonoma de Galicia
Fondo Total Inicial convenio actuacións de rehabilitación	82,280.00 €	11.813,23 €
Actuacións executadas en 1ª e 2ª convocatorias	44.000,00 €	11.813,23 €
Total actuacións para executar na 3ª convocatoria	38.280,00 €	0.00 €

Base 10ª. DISPOSICIÓN FINAL.

Estas Bases entrarán en vigor a data seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e terán vixencia até o 30 de Xuño de 2025, data en que remata o Plan Estatal 2018-2021 de non existir disposición que modifique ou prorrogue esta data de vixencia do Plan Estatal para a aplicación do programa que se desenvolve nas presentes bases.

Anexo I. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO:

DELIMITACIÓN DA AREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CASCO URBANO HISTÓRICO DE PADRÓN.



Anexo II. IMPRESO DE SOLICITUDE OFICIAL.



REHABILITACIÓN DE EDIFICIOS E VIVENDAS - SOLICITUDE OFICIAL DE AXUDAS

DATOS DO INMOBLE

LOCALIZACIÓN:	REF. CATASTRAL:
---------------	-----------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

PROMOTOR DA ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN :	DNI:
ENDEREZO:	LOCALIDADE:
PROVINCIA:	CODIGO POSTAL:
TELÉFONO 1:	CORREO ELECTRONICO:
En calidade de (propietario / inquilino):	

E, na súa representación:

PROMOTOR DA ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN:	DNI:
ENDEREZO:	LOCALIDADE:
PROVINCIA:	CODIGO POSTAL:
TELÉFONO DE CONTACTO:	CORREO ELECTRONICO:

EXPÓÑO:

Que desexo acollerme aos beneficios para as actuacións de rehabilitación que a seguir se indican, segundo se establece o R.D. 106/2018, do 9 de marzo e a Resolución do 3 de agosto do 2018, do IGVS, polo que SOLICITO a axuda económica correspondente para a:

- ÁREA DE REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA DO CASCO URBANO HISTÓRICO DE PADRÓN.

USO E ACTUACIÓN PROTEXIBLES

TIPO DE ACTUACIÓN: REHABILITACIÓN

SERÁN OBRAS DE ADECUACIÓN A NORMATIVA VIXENTE EN: VIVENDA ELEMENTOS COMÚNS

A DESGLOSAR EN:

- Obras de conservación Obras de mellora de accesibilidade
- Obras de mellora da calidade e sustentabilidade Obras de adecuación e adaptación á normativa de aplicación.

1.-Quen suscribe coñece e acepta as condicións destas axudas e do procedemento, e DECLARA que reúne as condicións necesarias para acceder a elas, que non se acha inhabilitado/a nin esta incurso/a en ningunha das causas de prohibición indicadas no artigo 13 da lei 38/2003, do 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario/a da subvención e que os datos que figuran neste impreso son certos.

2.- De conformidade co artigo 15 da Lei 9/2007 do 13 de Xuño de subvencións de Galicia o Concello de Padrón publicará no BOP a relación de persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta convocatoria de axudas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario de datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

3.- De acordo co disposto na Lei Orgánica 3/2018 de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais, informámolo/a de que os datos facilitados serán tratados pola Entidade Local coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, e só poderán ser cedidos, nos casos contemplados na Lei. Comunicámoslle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ó tratamento e portabilidade dos seus datos, usando o formulario de contacto da Sede Electrónica.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

R.D. 106/2018, do 9 de marzo, Resolución do 3 de agosto do 2018, do IGVS, Acordo da Comisión bilateral celebrada o 26 de Outubro de 2018 relativo á área de rexeneración e renovación urbana casco urbano hitórico de Padrón. Addenda para a modificación do acordo da comisión bilateral celebrada o 26 de Outubro de 2018. Real Decreto 1084/2020, de 9 de decembro, polo que se modifica o Real Decreto 106/2018. Bases reguladoras aplicables á concesión de subvencións á rehabilitación de edificios e vivendas con financiamento do programa de rexeneración e renovación urbana e rural 2018-2021. (3ª Convocatoria)

DOCUMENTACIÓN MÍNIMA A PRESENTAR CON ESTA SOLICITUDE: -DNI do solicitante e representante, de ser o caso, -Documentación acreditativa da titularidade do inmovible. Nota: Para seguir co procedemento deberá presentarse toda a documentación requirida na lexislación correspondente	PARA CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN Registro e número de registro (para cubrir pola Administración):
SINATURA DO/DA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE	
Data:	

Padrón, a 6 de Marzo de 2025

O Alcalde

Asdo. Anxo Rei Arca

»

2025/1475